

PAU 2025
CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA
CRITERIOS DE AVALIACIÓN
LATÍN II (cód. 30)

O exame consta de 4 preguntas obrigatorias, das cales as dúas primeiras son de resposta única e as dúas restantes teñen posibilidade de elección entre apartados.

PREGUNTA 1. COMPRENSIÓN E INTERPRETACIÓN DE TEXTOS (TEXTO).
(5 puntos)

Para responder a esta pregunta poderase optar por unha soa de dúas posibilidades, calquera das dúas valorada con ata 5 puntos. Se un/unha alumno/-a responde coas dúas posibilidades valorarase unicamente a primeira presentada.

A primeira posibilidade é dar unha tradución do texto latino proposto a lingua galega ou castelá. Valorarase que se comprende correctamente o texto orixinal, que se recoñecen con exactitude o seu léxico e as súas estruturas gramaticais e que se é capaz de trasladar todo o seu contido de forma precisa, equivalente e correcta na lingua de destino. Irase penalizando, polo tanto, de acordo coa súa gravidade cada un dos erros cometidos en contra dos anteriores criterios de calidade e corrección.

A segunda posibilidade é responder en latín ás cinco cuestións propostas sobre o texto latino. As cuestións deberán ser respondidas con frases completas ben elaboradas e gramaticalmente correctas; se non se responden así, aínda que as respostas sexan correctas, haberá penalización na cualificación. Por exemplo, para a cuestión *Qui contra Caesarem coniuraverunt?* non é suficiente responder *Senatores et equites*, senón que a resposta completa ten que ser do estilo de *Senatores et equites Romani contra Caesarem coniuraverunt*. A orde de palabras e de sintagmas na resposta será libre, sempre que resulte correcta e clara. A resposta debe ser acorde en todos os seus aspectos coa pregunta correspondente. As respostas deberán recoller soamente información do texto, pero nelas poderanse utilizar, por suposto, vocabulario ou construcións que non estean no texto, sempre que sexan adecuados. Cada pregunta será cualificada con ata 1 punto e valorarase a exactitude da resposta e a corrección da lingua latina.

PREGUNTA 2. COMPRENSIÓN E INTERPRETACIÓN DE TEXTOS (GRAMÁTICA). (1 punto)

Hai que analizar morfolóxica e sintacticamente o fragmento indicado do texto latino, utilizando calquera método de análise que sexa correcto.

A análise morfolóxica cualificarase con ata 0,5 puntos. Nesa análise débese identificar correctamente que clase de palabra é cada unha das unidades do fragmento e indicar as categorías gramaticais de cada unha delas.

A análise sintáctica cualificarase con ata 0,5 puntos. Nesa análise débense explicar as estruturas sintácticas que hai no fragmento e as funcións sintácticas de cada un dos elementos que integran esas estruturas.

En ambas as dúas análises deberase responder única e exclusivamente aos valores gramaticais concretos no texto en cuestión. Será, por conseguinte, penalizado na cualificación que se expliquen características que non sexan as específicas de cada palabra ou estrutura sintáctica nese texto.

PREGUNTA 3. LATÍN E PLURILINGÜISMO. (2 puntos)

Hai que responder a un só dos dous apartados propostos, o cal permitirá acadar ata 2 puntos (0,4 puntos cada elemento da cuestión). Se algún/algunha alumno/-a responde aos dous apartados, terase unicamente en conta o que presente en primeiro lugar. Valorarase a explicación precisa, clara e completa de cada palabra ou expresión obxecto de pregunta.

3.1. É necesario indicar en cada palabra cal é o prefixo de orixe latina e explicar que significado aporta ese prefixo ao significado global da correspondente palabra.

3.2. Hai que explicar o significado de cada unha das expresións e utilizar cada expresión nun exemplo adecuado e correcto.

PREGUNTA 4. A LITERATURA LATINA NOS SEUS TEXTOS. (2 puntos)

Hai que responder a un só dos dous apartados propostos, o cal permitirá acadar ata 2 puntos. Se algún/algunha alumno/-a responde aos dous apartados, terase unicamente en conta o que presente en primeiro lugar. Valorarase a exactitude e a calidade dos contidos referidos exclusivamente ao tema preguntado, e tamén a claridade e a corrección da exposición.

4.1. Hai que mencionar a obra historiográfica de Tito Livio e explicar brevemente as súas principais características: contido, estrutura, forma e lingua.

4.2. Hai que mencionar as obras líricas de Horacio e explicar brevemente as súas principais características: temas, forma e estilo-lingua.

Santiago de Compostela, 2 de xullo de 2025

Xosé Carracedo Fraga

Presidente da comisión de avaliación